

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **FORMACIÓN E ADESTRAMENTO AUDITIVO E VOCAL**  
**APLICADO Á DIRECCIÓN (I-II)**  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016)  
CURSO 2023-2024

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado á dirección (I-II)										
ESPECIALIDADE:	Composición				ITINERARIOS:	Composición				
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:	COLECTIVA				
DEPARTAMENTO:	Improvisación e Acompañamento				XEFE DE DPTO.:	Pablo Sabio				
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Prof. A determinar				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5 horas
ECTS/CUAD.			1,5	1,5					Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Prof. A determinar				Prof. A determinar		A determinar			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento dunha escoita consciente, directamente vinculada aos coñecementos da linguaxe musical. Recoñecemento dos elementos formais, rítmicos, harmónicos, interválicos, etc. en contextos sonoros diversos. Práctica vocal e recoñecemento auditivo dos diferentes parámetros musicais en obras tonais, non tonais ou de tonalidade vaga. Consecución de ferramentas directamente vinculadas á súa aplicación no desempeño do seu futuro labor docente, nos diferentes contextos educativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Ó alumnado superou as probas auditivas e de entoación no seu acceso aos estudos superiores, demostrando ter o nivel necesario para comezar esta materia.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Importante para a formación integral dos futuros directores mediante o adestramento dos parámetros vocais e auditivos propios da linguaxe musical.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T8, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP3, EP5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no decreto 171/2016 do 24 de novembro.	

<b>3. OBXECTIVOS</b>	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver un oído interno consciente.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Desenvolver a memoria sonora.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Desenvolver a capacidade de concentración.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Interiorizar patróns sonoros concretos que faciliten a posterior construción de imaxes sonoras	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Aplicar coñecementos históricos e compositivos básicos que permitan contextualizar os obxectos sonoros, axudando de este modo a determinar a súa función.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Desenvolver a capacidade de disociación e transcripción dos diferentes elementos rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos, expresivos, a unha dúas ou máis voces, utilizando diferentes textura( contrapuntística, melodía con acompañamento ...)	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Proporcionar os recursos necesarios para unha consciente e rápida lectura dunha peza dada.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Adquirir habilidades que permitan escoitar, representar e interpretar de forma consciente os elementos que interveñen na música do <i>século XX</i> .	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Adquirir habilidades que permitan escoitar, representar e interpretar de forma consciente os elementos que interveñen na <i>música modal</i> .	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Sentir o pulso interno, apreciando o pulso como un ciclo orgánico dentro do que flúe a música, polo tanto, a ser sentido fisicamente e non como mero cálculo de proporcións.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8,

	X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Entender os diferentes debuxos rítmicos aínda que se mostren considerablemente alterados polo carácter interpretativo.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Apreciar a importancia do análise asociado a lectura, a transcripción e a escoita activa.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Apreciar a importancia da dinámica, agóxica e a articulación, á hora de percibir os debuxos rítmicos.	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP
Adquirir habilidades que permitan escoitar, representar e interpretar de forma consciente os elementos que interveñen na <i>música tonal</i> .	T1, T2, T3, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24 EP3, EP

#### 4. CONTIDOS I CUADRIMESTRE

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓN S
<b>1.1. ENTOACIÓ</b> <b>1.2. AUDICIÓ</b> - RITMO - MELODÍA - HARMONÍA - FORMA - TIMBRE - EXPRESIVIDADE - ESTILO	1.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección de coros. 1.2.- Ritmo: identificación e recoñecemento de compases regulares binarios, ternarios e cuaternarios. Subdivisións do pulso a 2 e 3. 1.3.- Melodía: identificación e transcripción de fragmentos tonais a unha e dous voces: tono, intensidade, color, duración, afinación determinada e indeterminada. Intervalos M e m de 2ª e 3ª. 1.4.- Harmonía: Fórmulas harmónicas con acordes tonais tríadas en estado fundamental, primeira e segunda inversión. Cadencia perfecta, imperfecta, plagal e rota. Intervalos harmónicos de 2ª m e M e 3ª m e M. 1.5.- Forma: recoñecemento e análise de formas binarias e ternarias, forma canon, a través da audición. 1.6.- Timbre: posibilidades sonoras das familias de instrumentos: tipos e agrupacións. Posibilidades sonoras das distintas voces: tipos e agrupacións. 1.7.- Expresividade: Identificación e recoñecemento de matices dinámicos. 1.8.- Estilo: barroco, clásico e romántico.	5
<b>2.1. ENTOACIÓ</b> <b>2.2. AUDICIÓ</b> - RITMO - MELODÍA - HARMONÍA - FORMA	2.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección. 2.2 – Ritmo: identificación e recoñecemento de grupos de valoración especial, regulares e irregulares en un e varios pulsos. Equi-	5

<ul style="list-style-type: none"> <li>- TIMBRE</li> <li>- EXPRESIVIDADE</li> <li>- ESTILO</li> </ul>	<p>valencias con compases regulares</p> <p>2.3.-Melodía: identificación e transcrición de fragmentos tonais a unha e dous voces con alteracións accidentais e ornamentación melódica (notas de paso, floreos, apoiaturas, etc.). Intervalos de 5ª e 8ª.</p> <p>2.4.- Harmonía: Identificación, recoñecemento e análise de fórmulas harmónicas: Acordes tonais tríadas e de 7ª dominante en estado fundamental, primeira, segunda e terceira inversión , se é o caso.</p> <p>2.5.- Forma: Identificación de repeticións, imitacións, variacións e contrastes.</p> <p>2.6.-Timbre: Posibilidades sonoras dos instrumentos polo modo de ataque e de articulacións. Recoñecemento auditivo dos diferentes membros da familia de instrumentos polo ámbito.</p> <p>2.7.- Expresividade: Identificación e recoñecemento de matices agóxicos.</p> <p>2.8.- Estilo: Barroco, clásico e romántico.</p>	
<p>3 1. ENTOACIÓ</p> <p>3.2. AUDICIÓ</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- RITMO</li> <li>- MELODÍA</li> <li>- HARMONÍA</li> <li>- FORMA</li> <li>- TIMBRE</li> <li>- EXPRESIVIDAD</li> <li>- ESTILO</li> </ul>	<p>3.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección.</p> <p>3.2.- Ritmo: identificación e recoñecemento de estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais. Polirritmias e polimetrías.</p> <p>3.3.- Melodía: identificación e recoñecemento de modulacións e flexións modulantes en fragmentos tonais. Intervalos de 4ª.</p> <p>3.4.- Harmonía: Identificación, recoñecemento e análise de fórmulas harmónicas, acordes de sétima dominante coas súas inversións.</p> <p>3.5.- Forma: identificación das frases pola súa forma de comezo (téticas, anacrúsicas e acefálicas) e pola súa terminación: (masculinas e femininas).</p> <p>3.6.- Timbre: identificación dos instrumentos que soan simultaneamente nunha audición.</p> <p>3.7.- Expresividade: Identificación e recoñecemento das principais articulacións e ornamentacións.</p> <p>3.8.- Estilo: barroco, clásico e romántico.</p>	4
<p>4. REPASO DOS CONTIDOS TRATADOS</p>	<p>4.1.- Repaso e interiorización dos contidos dados.</p>	2
	TOTAL SE-	16
<b>CONTIDOS II CUADRIMESTRE</b>		
<p>5.1. ENTOACIÓ</p> <p>5.2. AUDICIÓ</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- RITMO</li> <li>- MELODÍA</li> <li>- ARMONÍA</li> <li>- FORMA</li> <li>- TIMBRE</li> <li>- EXPRESIVIDAD</li> <li>- ESTILO</li> </ul>	<p>5.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección.</p> <p>5.2.- Ritmo: identificación e recoñecemento de amalgamas, compases característicos, compases de cinco e sete tempos</p> <p>5.3.- Melodía: identificación e recoñecemento de escalas características. Escala pentáfona, exhátona e mixta. Intervalos de 6ª m e 6ªM.</p> <p>5.4.- Harmonía: Repaso dos contidos dados. Cantar unha nota determinada do acorde que toca o profesor no piano. Identificar e transcribir a nota que falta nun acorde tocado polo profesor no piano. Iniciación o ditado a tres voces.</p> <p>5.5.- Forma: recoñecemento e análise da forma de danzas e tema e variacións.</p> <p>5.6.- Timbre: identificación dos instrumentos ou voces que soan simultaneamente nunha audición. Transcrición de fragmentos mu-</p>	5

	<p>sicais realizados por dous instrumentos ou voces diferentes, excluindo o piano.</p> <p>5.7.- Expresividade: identificación e recoñecemento do carácter dun fragmento u obra musical. Recoñecemento do vibrato.</p> <p>5.8.- Estilo: século XX, impresionismo.</p>	
<p>6.1. ENTOACIÓ</p> <p>6.2. AUDICIÓ</p> <p>- RITMO</p> <p>- MELODÍA</p> <p>- HARMONÍA</p> <p>- FORMA</p> <p>- TIMBRE</p> <p>- EXPRESIVIDAD</p> <p>- ESTILO</p>	<p>6.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección.</p> <p>6.2.- Ritmo: identificación e recoñecemento de compases de partes desiguales, con estruturas fixas e variables. Ritmos coxos o de valor engadido.</p> <p>6.3.- Melodía: Transcrición de series dodecafónicas y música atonal. Linguaxes vangardistas. Intervalos de 7<sup>a</sup>M e 7<sup>a</sup>m.</p> <p>6.4.- Harmonía: Dominantes secundarias. Ditados a tres voces.</p> <p>6.5.- Forma: identificación e recoñecemento da forma sonata.</p> <p>6.6.- Timbre: uso da voz na música do século XX. Emprego dos distintos ataques do son nos diferentes instrumentos no século XX</p> <p>6.7.- Expresividade: recursos vocais expresivos do século XX.</p> <p>6.8.- Século XX: expresionismo e dodecafonismo.</p>	5
<p>7.1. ENTOACIÓ</p> <p>7.2. AUDICIÓ</p> <p>- RITMO</p> <p>- MELODÍA</p> <p>- ARMONÍA</p> <p>- FORMA</p> <p>- TIMBRE</p> <p>- EXPRESIVIDAD</p> <p>- ESTILO</p>	<p>7.1.- Entoación: práctica da entoación a unha ou varias voces para a consecución dun nivel vocal adecuado. Utilización dos recursos vocais básicos co obxecto de utilizar a voz como instrumento ó servizo da dirección.</p> <p>7.2.- Ritmo: identificación e recoñecemento de música sen compasar, ritmos de jazz, pop, etc.</p> <p>7.3.- Melodía: identificación e recoñecemento de melodías modais. La modalidade no folclore.</p> <p>7.4.- Harmonía: ditados de corais e cuartetos instrumentais.</p> <p>7.5.- Forma: recoñecemento das formas do século XX.</p> <p>7.6.- Timbre: os novos instrumentos do século XX.</p> <p>7.7.- Expresividade: identificación dos ataques nos diferente instrumentos. Novos matices no século XX.</p> <p>7.8.- Estilo: vangardas do século XX.</p>	4
<p>8. REPASO DOS CONTIDOS TRATADOS</p>	<p>8.1.- Repaso e interiorización dos contidos dados.</p>	2
TOTAL SESIÓNS:		16
<p>O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. <b>Unha vez estudados éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.</b></p>		

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA POR CUADRIMESTRE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓ	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
CLASES: : Traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos temas 1 a 5 da disciplina, con apoio do docente.	24	0	24

ESTUDO INDIVIDUAL: : Adestramento persoal do alumnado de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	0	19	19
ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN 1. Probas 2. Revisión de probas	2	0	2
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>45</b>

### 6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Revisión e análise das probas obxectivas baseadas nos contidos: 1. Intervalos melódicos e harmónicos. 2. Entoación. 3. Transcrición de fragmentos a unha ou varias voces. 4. Análise auditivo de obras ou fragmentos. 5. Identificación dunha voz ou instrumento en obras ou fragmentos corais u orquestrais	Clasificación correcta de intervalos melódicos e harmónicos, entoación adecuada de fragmentos sen axuda externa, transcrición correcta de fragmentos a unha ou varias voces. Análise adecuado das audicións propostas.	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	50%
Observación sistemática do alumnado na clase	Participar activamente na clase, amosar na aula unha actitude receptiva ás indicacións do profesor e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual.  Entoar con afinación adecuada os exercicios propostos. Transcribir correctamente as audicións propostas. Análise adecuado das audicións propostas	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	50%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Revisión e análise das probas obxectivas baseadas nos contidos: 1. Intervalos melódicos e harmónicos. 2. Entoación. 3. Transcrición de fragmentos a unha ou varias voces. 4. Análise auditivo de obras ou fragmentos. 5. Identificación dunha voz ou instrumento en obras ou fragmentos corais u orquestrais	Clasificación correcta de intervalos melódicos e harmónicos, entoación adecuada de fragmentos sen axuda externa, transcrición correcta de fragmentos a unha ou varias voces. Análise adecuado das audicións propostas.	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	60%
Observación sistemática do alumnado na clase.	Participar activamente na clase, amosar na aula unha actitude receptiva ás indicacións do profesor e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimi-	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	40%

	zación do rendemento da práctica individual. Entoar con afinación adecuada os exercicios propostos. Transcribir correctamente as audicións propostas. Análise adecuado das audicións propostas		
--	---	--	--

**6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA): con máis de 4 faltas**

Revisión e análise das probas obxectivas baseadas nos contidos: 1. Intervalos melódicos e harmónicos. 2. Entoación. 3. Transcrición de fragmentos a unha ou varias voces. 4. Análise auditivo de obras ou fragmentos. 5. Identificación dunha voz ou instrumento en obras ou fragmentos corais u orquestrais	Clasificación correcta de intervalos melódicos e harmónicos, entoación adecuada de fragmentos sen axuda externa, transcrición correcta de fragmentos a unha ou varias voces. Análise adecuado das audicións propostas.	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	100%
---	--	--	------

**6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

Revisión e análise das probas obxectivas baseadas nos contidos: 1. Intervalos melódicos e harmónicos. 2. Entoación. 3. Transcrición de fragmentos a unha ou varias voces. 4. Análise auditivo de obras ou fragmentos. 5. Identificación dunha voz ou instrumento en obras ou fragmentos corais u orquestrais	Clasificación correcta de intervalos melódicos e harmónicos, entoación adecuada de fragmentos sen axuda externa, transcrición correcta de fragmentos a unha ou varias voces. Análise adecuado das audicións propostas.	T1, T3, T7, T8, T13, T15 X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24 EP3, EP7	100%
---	--	--	------

Observacións: No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderá realizarse un exame ó final do cuadrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á conseguida coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.

**SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaliente

A Mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.

Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en un análise auditivo de síntese sobre a materia do curso.

**7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**
**Bibliografía:**

Bach, J.S.: Corales. Editio Musica.

Balo, M.: Dictados musicales a dos voces con timbres reales. Ed. Dos acordes. 2019.

Chepelov, P. Menuet, B. La dictée en musique. Ed. Lemoine

Edlund, L.: Modus Novus. Melodías atonales. E. Chester Music.

Esbrí, C.: Cuadernos de dictado musical 5. Madrid.

Hemsey de Gaínza, V.: Pedagogía musical. Lumen.

Hindemith, P.: Adiestramiento elemental para músicos. Ed. Ricordi.

Kodaly, Z.: Entonación coral. Ed. Música Budapest.  
Kühn, C.: La formación musical del oído. Ed. Labor.  
Lasala, A.: La educación musical del oído. Ed. Ricordi.  
López de Arenosa, E.: Apuntes sobre didáctica. Enclave Creativa.  
López de Areona, E.: Dictados a dos voces. Real Musical.  
Mackamul, R.: La educación del oído I y II. Ed. Barenreiter.  
Manchado, ML. y Cano, J.: 305 dictados a 1 y 2 voces. Ed. Real Musical.  
Philiba, N.: 30 dictées musicales a 2 voix. Ed. Billaudot.  
Romero, G.: Formar el oído. Metodología y ejercicios. Ed. Dinsic.  
Schafer, R.M.: El nuevo paisaje sonoro. Ricordi.  
Schafer, R.M.: Hacia una educación sonora. Pedagogías Musicales Abiertas.  
Schafer, R.M.: Limpieza de oídos: notas para un curso de música experimental. Ed. Ricordi.  
Seguí, S.: Ejercicios de dictado musical. Cuaderno segundo y tercero. Unión Musical Ediciones 1992.  
Seguí, S y equipo Araval: Lenguaje musical 1-6. Ed. Piles.  
Willems, E.: El oído musical. Ed. Paidós.

**Materiais:**

Reprodutor CD.

Piano ou teclado.

Instrumentos propios do alumnado.

Audición de obras e visionado de partituras de diferentes estilos e agrupacións, onde aparezan os contidos a traballar.

**Documentos:**

Os documentos auxiliares serán colgadas na Aula Virtual, con acceso exclusivo para o alumnado do curso.

## 8. ANEXOS